

Síndrome do bebé zarandeado

10 de Outubro de 2022

Tempo estimado de lectura: 3 min

Cada certo tempo, volve a saír á luz un caso grave afectado pola síndrome do neno zarandeado. Pero pasada a alerta e a conmoción inicial desta noticia, volvemos a deixar de lado esta situación e deixamos de desenvolver estratexias adecuadas e efectivas para visibilizar a gravidade que ten, así como accións para a súa prevención. Por esta razón, é importante revisar o que temos que saber os pais, as nais e as persoas que axudan no coidado do bebé, en relación ao síndrome do neno sacudido.

A síndrome do neno sacudido ou zarandeado, coñecido tamén como Trauma Cranial Non Accidental (shaken baby syndrome), é unha forma de malos tratos físicos infantís. Sacudir ao bebé pode causarlle lesión cerebral severa. Os bebés teñen os músculos do pescozo débiles e a miúdo teñen dificultade para soste a súa pesada cabeza.

Cando un bebé sofre sacudidas violentas, o seu fráxil cerebro móvese cara a adiante e cara atrás dentro do cranio. Isto pode provocar hematomas, inchazón e sangrado. Normalmente, o dano cerebral que se produce conduce a unha deterioración mental de intensidade variable, chegando en ocasións a provocar lesións e secuelas moi importantes no sistema nervioso central. Pode afirmarse que é a causa máis frecuente de traumatismos cranioencefálicos graves no lactante, antes do primeiro ano de vida.

Hai que ter en conta, que cando se produce unha lesión cerebral severa como consecuencia dunha sacudida da masa encefálica, ben teña como base uns malos tratos infantís intencionados ou como causa de manobras de reanimación nas que o bebé é zarandeado de forma inconsciente, sempre vai ocorrer antes dos tres primeiros anos de vida, e na súa gran maioría, no transcurso do primeiro deles. Moitas veces os pais e as nais como parte de xogos ou produto dun inadecuado manexo de situacións difíciles sacoden aos seus nenos e nenas, sen ter conciencia das graves consecuencias que esta acción pode ter para os bebés a nivel neurolóxico.



Nada xustifica zarandear a un bebé. Os expertos aconsellan que **se estás a ter problemas co control das emocións que produce a chegada dun bebé á casa, busques axuda, xa que uns segundos son suficientes para que a túa filla ou fillo sufra consecuencias irreparables**. Se hai outras persoas que che axudan a coidar ao teu bebé (xa sexa unha persoa responsable do coidado, un irmán ou un avó), asegúrate de que coñezan os perigos da síndrome do bebé sacudido.

Busca axuda inmediatamente se sospeitas que o teu fillo ou filla pode sufrir lesións ao ser sacudido violentamente. Contacta co teu pediatra ou lévao á sala de urxencias máis próxima. Recibir atención médica inmediata podería salvar a súa vida ou previr problemas graves de saúde.